




A REALIDADE DA INCINERACIÓN DOS RESIDUOS EN GALIZA

A realidade da xestión dos residuos en Galiza vén marcada pola existencia da planta incineradora de SOGAMA no concello de Cerceda (A Coruña). Esta planta, que atende os residuos xerados por aproximadamente o 80% da poboación galega, foi presentada nos anos 90 como unha solución definitiva e ambientalmente correcta ao problema dos residuos. Arestora, logo de varios anos de funcionamento, e pese a campañas de propaganda a favor do modelo SOGAMA, a sociedade galega é consciente das consecuencias negativas que supuxo esa aposta pola incineración.

A seguir presentamos unha serie de evidencias sobre o modelo SOGAMA, coa intención de amosar as “realidades incómodas” que supón a incineración de lixo. Compararemos en varios casos este modelo cos resultados que está a obter a Mancomunidade de Concellos do Barbanza, cun modelo de tratamento baseado na compostaxe da materia orgánica do lixo.


Os datos empregados foron tomados de estatísticas da administración autonómica galega e das Memorias de Sostibilidade de SOGAMA dos anos 2006, 2007 e 2008.

Xeración e xestión dos residuos urbanos na Europa dos 27 (per cápita)



(Arriba) perspectiva da evolución da xeración de residuos e o seu destino na UE-27 (fonte Eurostat).

(Abaixo) previsión da xeración total de residuos en Galiza (Tm/ano) até o ano 2017, de manterse a taxa de incremento anual dos últimos 10 anos.



1- O modelo SOGAMA non freou a xeración de residuos

O principal problema na xestión dos residuos ao que se enfrenta Galiza é o incremento continuado de lixo (un 2 a 3% anual).

O modelo SOGAMA supuxo un investimento moi grande en infraestruturas (só a incineradora custou máis de 160 millóns de euros) e unha nula aposta pola prevención. Aliás, nos contratos cos Concellos, a empresa obriga á entrega unha cantidade fixa de residuos ao ano, o cal desincentiva calquer medida de prevención de residuos que poida tomar un municipio.

2- O modelo SOGAMA case non recupera materiais para a reciclaxe.

Este modelo céntrase na recollida selectiva de envases, papel/cartón e vidro, e a incineración do resto. Pola contra, o modelo Barbanza baséase na reciclaxe da materia orgánica (compostaxe) e a recuperación material das outras fraccións do lixo. A seguinte táboa, baseada en datos da Xunta de Galiza, amosa que nun modelo de incineración a reciclaxe é apenas testemuñal, no entanto, de aplicarse a compostaxe, a porcentaxe de materiais recuperados incrementábase notabelmente.

	% Materiais recuperados	% Residuos incinerados e/ou vertedoiro
SOGAMA	1,56	98,44
BARBANZA	65,66	34,34

Comparativa das porcentaxes de recuperación material entre o Modelo SOGAMA e o Modelo Lousame (compostaxe) (fonte Documento de Inicio PXRUG 2010-2020, Xunta de Galiza).

3- O modelo SOGAMA incinera residuos reciclábeis

A empresa SOGAMA declara que recuperan os materiais reciclábeis do lixo (a “*bolsa amarela*”) e que incineran materiais non reciclábeis (o que lle chaman “*bolsa negra*”).


Mais que é a bolsa negra? Pois na súa maior parte é materia orgánica compostábel (segundo datos da Xunta, a bolsa tipo de lixo galega ten un 42% de materia orgánica), un residuo que, recollido selectivamente, pode empregarse na elaboración de abono orgánico.

Deste xeito, no ano 2008, a empresa SOGAMA incinerou perto de 200.000 Tm de materia orgánica compostábel.



4- O modelo SOGAMA NON É valorización enerxética

A incineración de residuos en Galiza, segundo a Directiva 2008/98/CE non pode ser considerada valorización enerxética, xa que, incluso sen ter en conta a enerxía que entra na planta contida no propio lixo, o balanço enerxético da incineradora SOGAMA é negativo. Deste xeito, para a UE a opción de SOGAMA sería o último paso na xerarquía de opcións de xestión, ao mesmo nivel que a disposición nun vertedoiro controlado.



5- A incineración é perigosa para o ambiente

Cando queimamos o lixo non se destrúe; transfórmase noutras cousas. En concreto, como resultado da incineración dos residuos, SOGAMA xera cada ano ao redor de 30.000 Tm de residuos perigosos (cinzas), que requiren un almacenamento e tratamento posterior.

Aliás, existen importantes emisións de gases de efecto invernadoiro á atmósfera (mais de 350.000 Tm de CO₂ só no ano 2006), que fan que a planta de SOGAMA sexa a 6ª principal fonte de cambio climático en Galiza.

Outros produtos emitidos á atmósfera son Dioxinas, Furanos ou metais pesados. Aínda que se cumpren os límites legais de emisión, cumpre lembrar que a elevada toxicidade e a propiedade bioacumulativa destas substancias fai que a incineración sexa un problema de saúde ambiental importante (véxase estudo “Incineración y salud”, elaborado por científicos británicos para a asociación Greenpeace).





6- O modelo SOGAMA é máis custoso para os Concellos

Sumado a todas as eivas que posúe a incineración, súmase o feito de que **é máis custosa economicamente**. No ano 1998, os concellos aboaban á incineradora 27 € por Tm de lixo; actualmente, este custo subiu até os 51 €/Tm. Fronte a isto, os concellos da Mancomunidade do Barbanza (modelo de Compostaxe) aboan XXX€ a un sistema que consegue recuperar máis do 60% dos residuos.

EN CONCLUSIÓN:

Os datos reais da situación galega amosan que unha aposta pola incineración de residuos supón:

- Un elevado gasto económico (na construción e no mantemento e funcionamento)
- Un elevado impacto ambiental (emisións de gases, xeración de residuos perigosos, destrución de residuos reciclábeis)
- Unha recuperación material mínima
- Unha desincentivación de medidas de redución
- Un balanço enerxético negativo

E que en conxunto implica que **NON SE CUMPREN** as xerarquías e directrices de xestión de residuos marcadas polas diversas directivas da UE, xa que se está a primar o tratamento finalista en detrimento do tratamento na orixe dos residuos.



NOVOS NOMES, VELLAS PROBLEMAS

Aínda que se vende como un avance tecnolóxico, o Real Decreto 653/2003 de 30 de maio sobre incineración de residuos, que traspón a Directiva 2000/76/CE de 4 de decembro de 2000 sobre incineración, considera que *“a pirólise, a gasificación e outros procesos de tratamento térmico como por exemplo o plasma, na medida en que as substancias resultantes de tratamento se incineran a continuación, son consideradas instalacións de incineración”*.

Estas novas técnicas non resolven os problemas existentes cos residuos (incremento da xeración e da perigosidade do lixo) e sofren das mesmas eivas que a incineración convencional.